# 3ª AVALIACIÓN - QUINCENA 11

## *Unidade 12: Xeomorfoloxía*

## EXERCICIOS DE APOIO

1. Sinala cal das seguintes afirmacións é falsa:
   a) O 16% da radiación solar é absorbido por vapor de auga, po e ozono.
   b) O 12% da radiación solar é absorbido polas nubes.
   c) O 51% da radiación solar é absorbido polo chan (radiación real que chega á superficie).
   d) O 20% da radiación solar é reflectido polas nubes.

2. Cándo entre dous puntos hai diferenza de potencial, un obxecto desprazarase:
   a) De onde é maior o potencial a onde é menor.
   b) De onde é mellor o potencial a onde é peor.
   c) De onde é menor o potencial a onde é maior.
   d) Indistintamente, unhas veces cara a un lado e outras ao outro.

3. As caídas a favor do plano dunha pendente son os:
   a) Descoidos.
   b) Desfiladeiros.
   c) Deslizamentos.
   d) Desprendementos.

4 Un factor que non condiciona o transporte é:
   a) Velocidade do axente xeolóxico.
   b) Tamaño do axente xeolóxico.
   c) Viscosidade do axente xeolóxico.
   d) Tamaño das partículas.

5. Ao depósito de materiais (sedimentos) xeralmente por perda da capacidade de transporte do axente xeolóxico denomínaselle:
   a) Transporte.
   b) Sedimentación.
   c) Erosión.
   d) Meteorización.

6. Esta sedimentación prodúcese como consecuencia dunha reacción química que insolubiliza os materiais transportados en disolución, ¿de que sedimentación falamos?
   a) Sedimentación detrítica.
   b) Sedimentación química.
   c) Sedimentación orgánica.
   d) Sedimentación evaporítica.

7. A secuencia sedimentaria característica é, primeiro os carbonatos (calcaria), despois os sulfatos (xeso) e, por último, os:
   a) Silicatos.
   b) As arxilas.
   c) Limos.
   d) Haloxenuros.

8. Un destes factores non interveñen na formación dun solo, sinala cál:
   a) O clima.
   b) O relevo.
   c) A temperatura.
   d) A topografía.

9. ¿O Horizonte "A" ou de?
   a) Lavado.
   b) Principios.
   c) Acumulación.
   d) Alteración.

10. Tipicamente diferénzanse tres horizontes, sobre os que se dispón unha capa rica en materia orgánica mesturada con materia mineral, á que chamamos:
   a) Humus.
   b) Horizonte B.
   c) Horizonte C.
   d) Turba.

11. De cál dos seguintes factores non depende a acción xeolóxica das augas de arroiada:
   a) A litoloxía.
   b) A vexetación.
   c) A pendente.
   d) A fauna.

12. Cál das seguintes morfoloxías non é característica dos torrentes:
   a) Cunca de recepción.
   b) Cunca hidrográfica.
   c) Abano de dexección.
   d) Abano aluvial.

13. Qué paisaxe é típica do curso baixo do río:
   a) Fervenzas.
   b) Rápidos.
   c) Meandros.
   d) Vales en V.

14 Sinala a resposta correcta: "unha terraza fluvial é ...":
   a) A parte alta dunha fervenza.
   b) Onde tomamos un refresco mirando o río.
   c) O resto dunha chaira aluvial máis antiga.
   d) A zona que se inunda cando o río se desborda.

15. Qué morfoloxía cárstica non se corresponde coas demais:
   a) Estalactita.
   b) Lapiaz.
   c) Dolina.
   d) Poljé.

16. Cál das seguintes formas de transporte é característica do xeo:
   a) Rodadura.
   b) Arrastre.
   c) Salto.
   d) Suspensión.

17. Cál das seguintes morfoloxías non é de orixe glaciar:
   a) Circo.
   b) Solos estriados.
   c) Morea.
   d) Vales en V.

18. A deflacción é:
   a) A forma típica de transporte polo vento.
   b) A forma típica de erosión do vento.
   c) A forma de sedimentación de areas polo vento.
   d) A forma de sedimentación de arxilas polo vento.

19. Cál das seguintes paisaxes eólicas non está orixinado pola sedimentación:
   a) Dunas.
   b) Loess.
   c) Reg.
   d) Erg.

20. Qué palabra non se corresponde con todas as demais:
   a) Acantilado.
   b) Praia.
   c) Albufeira.
   d) Marisma.

## SOLUCIÓNS

| SOLUCIÓNS | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 b | 2 a | 3 c | 4 b | 5 b | 6 b | 7 d | 8 c | 9 a | 10 a |
| 11 d | 12 b | 13 c | 14 c | 15 a | 16 b | 17 d | 18 a | 19 c | 20 a |